

RESOLUCIÓN SOBRE SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: 2022/T-00148

Procedemento: Acceso á información pública

Interesado/a: Miguel Ángel Delgado González

Vista a solicitude de acceso á información pública presentada por Miguel Ángel Delgado González, emítase esta resolución en base aos seguintes,

ANTECEDENTES:

ÚNICO - O 24 de Febreiro de 2022 tivo entrada en Secretaría Xeral da Presidencia, solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, solicitude que quedou rexistrada co número 2022/T-00148. No mesmo día, esta solicitude recibíuse na Secretaría Xeral de Medios.

O interesado resalta no seu escrito que o punto único da súa solicitude son "*documentos públicos sobre las compatibilidades de María del Mar Sánchez Sierra en la Xunta de Galicia desde su cargo de Secretaria de Medios de la Xunta de Galicia*"

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- Competencia

De conformidade co artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución da solicitude de acceso a información relativa a comunicación audiovisual corresponderá á persoa titular da secretaría xeral de Medios.

Non obstante, de conformidade co Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, polo que se admite o incidente de recusación formulado por Miguel Ángel Delgado González, a

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Complexo Administrativo de San Caetano
Edificio número 7
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 922
Mail secretaria.medios@xunta.gal
www.xunta.gal





competencia para resolver este procedemento administrativo corresponderá ao subdirector xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios.

SEGUNDO- Normativa aplicable

- Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Orde do 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o modelo normalizado de solicitude de acceso á información pública da Administración Xeral e das entidades integrantes o sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO- Prazo

Segundo o previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o prazo previsto para a resolución será dun mes a contar desde que se recibiu a solicitude na Secretaría Xeral de Medios.

CUARTO- Obxecto da solicitude

O interesado solicita *"documentos públicos sobre las compatibilidades de María del Mar Sánchez Sierra en la Xunta de Galicia desde su cargo de Secretaria de Medios de la Xunta de Galicia"*

O artigo 47 da Lei 1/2016, do 16 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, regula as declaracións de actividades e de bens patrimoniais e ao respecto establece que, *"Os cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título están obrigados a formular as seguintes declaracións: a) Declaración de actividades ante o Rexistro de Actividades de Altos Cargos. Esta virá referida a calquera actividade, negocio, empresa ou sociedade, pública ou privada, que desenvolvan en por si ou mediante substitución ou apoderamento e que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos ou nos cales teñan participación ou intereses.*

Esta declaración deberá incluír tamén aquelas actividades que tivesen desempeñado durante os dous anos anteriores á súa toma de posesión como cargo público, así como as renuncias ou os alleamentos de participacións en empresas que tivesen que realizar para cumprir a norma."





En consecuencia, vista a solicitude de acceso á información formulada por Miguel Ángel Delgado González,, de conformidade co establecido nos artigos 26 e 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

RESOLVO

Admitir a solicitude formulada por Miguel Ángel Delgado González e conceder o acceso á información solicitada indicándolle que a declaración de actividades de Mar Sánchez Sierra atópase publicada no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia ao que poderá acceder a través do seguinte enlace:

<https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/goberno-e-altos-cargos/declaracions-de-actividades>

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou, previa e potestativamente, poderase interpoñer reclamación ante a Valedora do Pobo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe

A secretaria xeral de Medios

(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga

